

# **ACTA DA XUNTANZA CONSTITUINTE DO GRUPO GALEGO DE APOIO Á CERTIFICACIÓN FORESTAL DO FSC**

**Pontevedra, a 17 de decembro do 2004**

## **1. ORDE DO DÍA**

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior.
2. Aprobación, se procede, dos Estatutos.
3. Elección da Xunta Directiva do Grupo Galego de Apoio á certificación FSC.
4. Aprobación dun calendario de traballo.

## **2. ASISTENTES (entidades e representantes, por orde alfabética)**

[nomes]

## **3. DESENVOLVEMENTO DA XUNTANZA**

No Pazo da Cultura do Concello de Pontevedra, sendo ás 17:30 horas do día 17 de decembro de 2004, reúnese a Asemblea Xeral do Grupo Galego de Apoio á Certificación Forestal do FSC, convocada e presidida por [nome] para tratar os asuntos indicados na orde do día.

Ábrese a sesión cunhas palabras do representante da Organización Galega de Comunidade de Montes Veciñais en Man Común, [nome], nas que subliña a súa condición de convocante desta Xuntanza e das anteriores preparatorias.

Procédese inicialmente á aprobación da acta da xuntanza anterior, celebrada o 30 de outubro.

A continuación procedese á aprobación dos estatutos. Formula [nome] a procedencia ou non de que haxa institucións, por unha banda, e persoas individuais, pola outra, que teñan o mesmo peso nas votacións para a toma de decisións. Por parte de [nome] e [nome] explícaselle que constitúe unha tradición e que así consta tamén nos Estatutos do FSC-España. Ademais, din, nunca houbo problemas por esa cuestión. Posta a votación, decídese por unanimidade manter o que di o Borrador de Estatutos.

Tamén propón [nome] que se coide no texto o respecto polas cuestións de xénero. Apróbase que, previo estudo da Xunta Directiva que saia desta Asemblea, se presenten os trocos pertinentes na próxima xuntanza.

Vótase a aprobación dos Estatutos, que son adoptados por unanimidade.

(...)

Ao non haber máis asuntos que tratar, e sendo as 20:15 horas do día, mes e ano arriba indicados, levántase a sesión, de todo o que eu, o Secretario, dou fe.

O Secretario

Vº e Prace,  
O Presidente

Asdo.: [nome]

Asdo.: [nome]